



## Pedicura bovina na illa Terceira de Azores

Neste artigo damos a coñecer o sistema de produción de leite deste territorio e relatamos como é a saúde podal nos seus rabaños, condicionados por un clima que lles permite aos animais vivir no campo e pastar durante case todo o ano.

Ana Daniela Campos<sup>1</sup>, Fábio Andrade<sup>2</sup>

<sup>1</sup>Alumna de último curso de Medicina Veterinaria (ICBAS-UP) e estudante en prácticas en Unicol

<sup>2</sup>Podólogo bovino en Unicol, socio de APPB



En Azores o sistema de produción de leite é distinto do habitual, sobre todo debido ás condicións edafoclimáticas. Cun clima bastante agradable, amplitudes térmicas pequenas e terras moi fértils, os animais permanecen no campo e aliméntanse dos pastos durante practicamente todo o ano.

O sistema de produción azoriano parece ser, en principio, máis vantaxoso que os sistemas intensivos, xa que o clima lles permite aos animais quedar sempre no campo, sen refuxios, e que se alimenten principalmente de herba. En Terceira, unha das nove illas que constitúen o arquipélago dos Azores, a produción de leite constitúe unha das principais actividades económicas. Predominan os rabaños de vacas leiteiras,

constituídos principalmente por animais da raza Holstein, e unha gran parte da poboación está conectada coa produción de leite, que está a sufrir un incremento significativo nos últimos anos. As illas Azores son responsables da produción dun terzo do leite portugués e no ano 2020 preto do 24 % do leite recollido neste arquipélago foi producida en Terceira.

Para optimizar a produción de leite, a evolución xenética orientouse a obter vacas con maior capacidade de inxestión, robustas, resistentes, con bos ubres e patas. Actualmente téntase diminuír a estatura das vacas e manter a súa forza e a súa capacidade de inxestión.

Co obxectivo de maximizar a utilización do sistema de pastoreo, a maioría dos animais son muxidos no campo, en máquinas de muxido móbiles. Trátase dunha innovación azoriana simple e económica, que permite facer o muxido dos animais e, ao mesmo tempo, proporcionarlles un suplemento alimenticio concentrado ou ensilado de millo. Este modelo de muxido foi concibido para ser lixeiro, estreito e fácil de mover, para poder marchar coas vacas, sempre que estas cambien de pasto.

Tamén é posible atopar outros sistemas, como as salas de muxido convencionais ou os chamados *cabanões* (salas de muxido rudimentarias e sen fosa), que xurdiron co principal propósito de mellorar as condicións de traballo para o muxidor; que, deste xeito, deixa de quedar exposto ás condicións atmosféricas. Non obstante, estes sistemas teñen a desvantaxe de obrigar os animais a andar maiores distancias para ser muxidos, o que se reflicte negativamente na saúde dos pezuños.



Para maximizar a utilización do sistema de pastoreo, a maioría dos animais son muxidos no campo, en máquinas de muxido móbiles

► OS CAMBIOS DE MANEXO IMPLEMENTADOS MÁIS RECENTEMENTE NA PRODUCCIÓN LEITEIRA TERCEIRENSE [...] LEVARON A UN INCREMENTO DE CASOS DE PATOLOXÍA PODAL



### PEDICURA DE VACAS DE PASTO

O hábitat natural dos ruminantes é precisamente o pasto, por iso é fácil de comprender que os animais nestas condicións presenten unha prevalencia de problemas podais considerablemente menor.

Segundo a literatura, para vacas leiteiras o tempo ideal de repouso deberá ser preto de 12 a 14 horas ao día. Con todo, as vacas de pasto pasan menos tempo deitadas e non se sabe se iso se debe á necesidade de pacer ou porque, debido ao piso, se senten máis cómodas de pé. O exercicio esixido polo pastoreo incrementa o retorno venoso do pezuño, o que aumenta a produción de casco e prevén a aparición de laminite.

As vacas de pasto teñen cascos máis íntegros, sen crecemento esaxerado dos pezuños, con bos talóns, pero solas un pouco finas.

Durante o verán, os animais en pastoreo teñen os cascos máis secos, debido á menor cantidade de auga, o que os volve máis duros e, por tanto, máis resistentes, especialmente cando se comparan cos cascos de animais en réxime de estabulación permanente. No inverno, a choiva abundante e frecuente e o pasto moi húmido volven os pezuños máis brandos e máis expostos aos traumatismos.

As vacas que quedan permanentemente no pasto e que son muxidas en máquinas móbiles presentan poucos problemas nos cascos, mesmo chegan a non requirir ningún coidado.

Os cambios de manexo implementados máis recentemente na produción leiteira terceirense, relacionados coa construción de máis salas de muxido fixas, forzou as vacas a viaxes máis longas, varias veces ao día. Estes despra-

zamentos son feitos a miúdo en pisos degradados e en marchas rápidas. As situacións arriba descritas, agravadas por esperas ou por confinamento en parques ou en terreos moi embarrados, levaron a un incremento de casos de patoloxía podal.

Para facer fronte a este problema, Unicol creou un servizo de pedicura bovina que comezou a súa actividade en maio de 2016. No seu inicio traballaba só cun poldro hidráulico de volteo, pero desde abril deste ano xa conta con dous.

Estes poldros permiten tratar as vacas tanto no pasto coma en parques ou establos. Na maioría das visitas só se tratan animais coxos e en pequeno número.

Os que viven sempre no pasto non necesitan de recorte de rutina, ao contrario dos que quedan permanentemente estabulados, que son recortados de media 2 veces ao ano.

### INCIDENCIAS DE PATOLOXÍAS PODAIS

As vacas de pasto teñen cascos sans; con todo, as solas son máis finas que as das vacas en establos, o que fai os cascos máis vulnerables e máis susceptibles á penetración de corpos extraños, como pedras ou obxectos punzantes. Estes cascos son óptimos para vivir no pasto, pero poden lesionarse facilmente se cambiamos as condicións nas que viven os animais.

Segundo os rexistros realizados polo servizo de pedicura bovina de Unicol, na plataforma Hoof Supervisor, os trastornos do pé máis habituais son as solas delgadas por desgaste excesivo do tecido córneo do pezuño e lesións da liña branca.

De todos os animais suxeitos ao recorte de pezuños e que realmente tiñan lesións, o 48,8 % tiña un espesor de sola moi delgada, seguido de aproximadamente o 26,3 % con lesións de liña branca. Son frecuentes as hemorraxias, os hematomas e os abscesos da sola. Pénsase que patoloxías como a dermatite dixital e a dermatite interdigital están infravaloradas, porque son tratadas polos propios produtores, sen intervención de veterinarios ou pedicuros. Para minimizar este problema, o equipo de Pedicura e Veterinaria de Unicol estivo traballando cos produtores para alertar e concienciar sobre un maior coidado dos pezuños.

Construír salas de muxido a pouca distancia dos pastos (máximo de 15 a 20 minutos), mantemento frecuente de camiños, respectar o ritmo das vacas durante o percorrido (1,2 km/h), recorte funcional e rutineiro de pezuños e uso de pediluvios son algunhas das medidas transmitidas aos produtores, nun intento de previr lesións nos pezuños e reducir o número de coxeiras e as perdas asociadas. ■



Os cambios supoñen moitas veces viaxes longas, o que se reflicte negativamente na saúde dos pezuños